

Á vista do disposto nas ordes do 12 de abril de 2023 (DOG n.º 78, do 24 de abril de 2023) na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil. e do 21 de abril de 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023), na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, e coa fin de fixar os criterios interpretativos e, en definitiva, de facilitar e axilizar a tramitación administrativa das ofertas de emprego tanto do persoal directivo, docente e de apoio administrativo como do alumnado-traballador, no uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira das anteditas ordes, dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira.-Ámbito de aplicación.

Estas instrucións serán de aplicación aos procedementos de selección de todo o persoal directivo, docente e administrativo de apoio así como ao do alumnado-traballador dos programas e dos obradoiros duais de emprego.

Segunda.-Normas xerais de selección

1. A selección definitiva de todo o persoal mencionado no punto anterior **será realizada pola entidade promotora** de acordo co previsto na orde de convocatoria e a presente instrución.
2. A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos na orde de convocatoria.



3. A entidade promotora, atendendo ás características do proxecto formativo que se vai poñer en funcionamento e logo das actuacións que estime oportunas, establecerá o sistema, requisitos, baremos e, se é o caso, probas que se aplicarán tanto na selección do persoal directivo, técnico, docente e administrativo de apoio como na do alumnado-traballador, mediante **a aprobación das correspondentes bases reguladoras**, nas que deberán respectarse os requisitos e criterios de selección establecidos pola correspondente orde e instrucións.

As porcentaxes que se apliquen ás distintas fases de cada un dos procesos selectivos, deberán quedar establecidas con ocasión da aprobación das bases reguladoras dos citados procesos. As ditas porcentaxes poden variar dependendo do tipo de persoal que se vaia seleccionar e do proxecto de que se trate.

4. Nos procesos de selección do alumnado-traballador e do persoal nos programas e obradoiros duais de emprego nos que se realice un dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, deberán facerse de forma independente **valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.**

5. As bases reguladoras do proceso de selección **deberán ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora e concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego.** No caso, de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán na oficina de emprego correspondente.

6. Os programas e obradoiros concedidos serán publicados por Servizos Centrais de xeito informativo no Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

Terceira.- Selección do alumnado-traballador.

A. Tramitación das ofertas. Normas comúns.

1. Unha vez resoltas as concesións de cada convocatoria, a correspondente xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través do Servizo de Formación para o emprego e Orientación, comunicará a cada oficina de emprego a relación de programas e obradoiros de emprego cuxa selección lle corresponda segundo o seu ámbito territorial ou calquera outros criterios de proporcionalidade e eficiencia.

2. Na selección do alumnado-traballador utilizarase na aplicación SICAS a **oferta de emprego tipo T.**

A sondaxe terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algún dos seguintes servizos:

320: Escola taller

330: Casa de oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de formación de emprego formación dual

As ofertas tipo T preseleccionarán tamén a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 "suspensión específica programas experimentais de emprego".

A oferta, que será presentada coa suficiente antelación para a súa tramitación, poderá realizarse:

a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR004A. Neste caso dirixirá a solicitude á xefatura territorial correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Oferta de emprego Programas de emprego ou Obradoiros duais, segundo o caso) e a oficina de destino, á que a xefatura reenviará a documentación a través do Rexel.

b. A través do correo electrónico.

3. Na oferta de emprego farase constar:

- A data na que deberá ser cursada.
- A data a partir da que será realizada a sondaxe.
- A data na que se realizará a selección
- O ámbito territorial ao que se vai circunscribir a sondaxe, figurando en primeiro lugar o concello ou concellos nos que se localicen as actuacións do programa ou obradoiro de emprego, e aquel ou aqueles aos que poida ser ampliado de non atoparse un número mínimo de candidatos, tendo en conta a proximidade xeográfica
- Os CNO e os códigos correspondentes ás especialidades formativas, os niveis profesionais e académicos e a idade. Os requisitos solicitados na oferta de emprego deben corresponderse cos establecidos nas bases aprobadas pola entidade promotora
- As posibles causas de exclusión do procedemento de selección. En todo caso, serán excluídas as persoas desempregadas que non reúnan os requisitos esixibles para poder asinar un contrato para a formación en alternancia.
- En relación co número de candidatos a remitir, debe respectarse na medida do posible que como mínimo sexan tres candidatos por posto.



- Aquelas outras circunstancias que cada entidade promotora estime oportunas para un mellor desenvolvemento da sondaxe á vista das peculiaridades do proxecto formativo.

En cumprimento do artigo 42.8 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, en toda actividade de intermediación respectarase a igualdade real e efectiva das persoas oferentes e demandantes de emprego e a non discriminación no acceso ao emprego, polo que a oficina de emprego velará especificamente para evitar a discriminación directa e indirecta, no acceso ao emprego, e comunicará ás entidades promotoras calquera requisito na oferta que incumpra este precepto.

4. Con carácter xeral, as ofertas de emprego tipo T non serán obxecto de difusión no Portal de Emprego de Galicia, salvo casos excepcionais e cando se considere imprescindible para poder cubrir as prazas ofertadas, previa autorización da respectiva xefatura territorial.

5. No momento de rexistro da oferta poñerase como enderezo do programa ou obradoiro o correspondente ao da entidade promotora do mesmo, pero terase en conta que, no momento de efectuar a sondaxe para persoas de concellos asociados, deberá modificarse este enderezo polo correspondente ao concello asociado de que se trate. O obxectivo é permitir que poidan saír preseleccionadas na sondaxe aquelas persoas demandantes do concello asociado que non teñan o ámbito de busca do concello promotor.

6. Concluída a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación das persoas preseleccionadas da forma previamente acordada coa entidade promotora (citacións, envío da información e datos de contacto das persoas preseleccionadas á entidade...).

7. Unha vez elaborada a listaxe de alumnos-traballadores propostos, a entidade promotora deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumprira os ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que o alumnado que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

8. No momento en que unha persoa demandante de emprego sexa definitivamente seleccionada para formar parte do programa mecanizarase na súa demanda de emprego a suspensión 624 "asistencia a escolas taller e casas de oficio con intermediación" ata que a súa situación administrativa mude a baixa por colocación (no momento de rexistrar o contrato); o obxectivo é evitar que unha persoa definitivamente aceptada para un



programa/obradoiro saía como candidata para outro similar e minimizar posibles renuncias.

B. Requisitos do alumnado-traballador (programas e obradoiros duais de emprego).

1. Programas de emprego

Tendo en conta os artigo 2 da Orde do 12 de abril de 2023 (DOG núm. 78 , do 24 de abril de 2023), as persoas candidatas preseleccionadas para un programa de emprego deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter dezaoito ou máis anos de idade que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no Sistema nacional de garantía xuvenil no momento da selección do alumnado
- b) Figurar como beneficiario no Sistema nacional de garantía xuvenil no momento da selección e manter os requisitos esixidos na Lei 18/2014 modificado polo Real decreto lei 6/2016, con carácter previo a participar nos programas de emprego.
- c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 6 da orde.
- d) Cando a formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
- e) No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

2) Obradoiros duais

Tendo en conta o artigo 2 da Orde do 21 de abril de 2023 (DOG núm. 85 , do 4 de maio de 2023), as persoas candidatas preseleccionadas para un obradoiro dual de emprego deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter dezaoito ou máis anos de idade.
- b) As persoas candidatas deben estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, en situación laboral non ocupadas e dispoñibles para o emprego
- c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, , co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 6 da orde.
- d) Cando a formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
- e) No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

Tanto os programas de emprego como os obradoiros duais de emprego terán unha duración de doce meses.

Cuarta.- Selección do persoal directivo, docente e administrativo.

1. Na admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal directivo, docente e administrativo poderase empregar a convocatoria pública e/ou a oferta de emprego tramitada nunha oficina de emprego.

A entidade promotora determinará o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, elaborar as convocatorias, establecer os baremos e, se fora o caso, as probas que poidan aplicarse e preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procedera. Así mesmo, encargarse de difundir as convocatorias a través dos medios de comunicación que se determinen.

2. De optar a entidade promotora pola oferta de emprego, e despois de aprobadas as bases da convocatoria, procederase a tramitación da dita oferta preferentemente na oficina de emprego que corresponda por razón do

concello ou concellos nos que estean localizadas as actuacións previstas no proxecto formativo. A Xefatura territorial poderá establecer criterios de reparto diferentes para facilitar unha maior axilidade no desenvolvemento das actuacións.

No caso de que se opte por tramitar unha oferta de emprego, esta rexistrarase como unha oferta de tipo A ordinaria.

A presentación poderá realizarse:

- a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR004A. Neste caso dirixirá a solicitude á xefatura territorial correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (oferta de emprego_programas de emprego para persoas mozas ou obradoiros duais, segundo o caso) e a oficina de destino, á que a xefatura reenviará a documentación a través do Rexel.
- b. A través do correo electrónico.

As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramitaranse na oficina de emprego como ofertas tipo A e **serán obxecto de difusión pública** no Portal de Emprego de Galicia.

A difusión será polo prazo establecido pola entidade promotora, respectando en todo caso un prazo mínimo de 2 días e indicarse a opción de autocandidatura "NON". Realizarase a sondaxe de oferta para obter o número de candidaturas solicitado pola entidade promotora e esgotarase o período de difusión.

Unha vez finalizado o período de difusión, desde a lapela Xestión xeral de candidatos, ordenaranse as candidaturas segundo o seu período de inscrición (tanto as recibidas por postulación coma as recibidas polas sondaxes da oficina de emprego) e seleccionaranse as candidaturas con maior período de inscrición e no número que determinou a entidade promotora. Verificarase o cumprimento dos requisitos das ofertas, achegaranse as candidaturas que os cumpran e modificarase a situación das persoas candidatas que non cumpran a tipo de situación 07-demandante non enviado con resultado e resultado situación 2200-non cumpre os requisitos. No caso de que exista dúbida sobre algún requisito ou non sexa mecanizable na demanda de emprego, contactarase coa persoa solicitante.

3. Na oferta de emprego, elaborada pola entidade promotora farase constar:

- Data na que deberá ser cursada.
- Data a partir da que será realizada a sondaxe.
- Data na que se realizará a selección
- Ámbito territorial.
- Requisitos mínimos de titulación ou experiencia que, ~~no seu caso,~~ deben cumprir as persoas candidatas. As persoas candidatas deberán acreditar que cumpren un dos requisitos establecidos no



artigo 168.1 do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional. Os requisitos solicitados na oferta de emprego deben corresponderse cos establecidos nas bases aprobadas pola entidade promotora.

- Número mínimo e máximo dos candidatos a remitir, debendo respectarse que, na medida do posible e como mínimo, sexan considerados tres persoas candidatas por posto.
- Aquelas outras circunstancias que cada entidade estime oportunas para o mellor desenvolvemento da sondaxe á vista das peculiaridades do proxecto formativo.

4. Realizada a preselección de candidaturas, a oficina de emprego comunicará as persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos. No caso de que se contemple nas bases a realización dunha entrevista persoal, deberá comunicárselle ás persoas candidatas o lugar, data e hora na que esta terá lugar.

5. Na tramitación da oferta pola oficina de emprego participarán en igualdade de condicións as persoas demandantes de emprego desempregadas e ocupadas sen prexuízo de que na selección realizada pola entidade promotora teñen preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

A directora xeral de Formación para o emprego e Orientación

Zeltia Lado Lago